



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Aprobación definitiva modificación taxa recollida de lixo

EDICTO

O Pleno da Corporación en sesión realizada o 15 de novembro de 2013 aprobou provisionalmente a modificación da taxa por recollida e tratamento de residuos urbanos, xunto coa ordenanza fiscal reguladora.

Unha vez publicado o correspondente anuncio co texto da ordenanza fiscal no B.O.P número 224 de data 25 de novembro de 2013, sen que durante o prazo de exposición pública se houbera formulado reclamación algunha contra o referido acordo, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, considérase dito acordo definitivamente adoptado.

Contra este acordo que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do contencioso ou do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia segundo o obxecto do devandito recurso, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende a data da notificación, sen prexuízo do exercicio de calquera outro recurso que se estime oportuno.

Cabanas, 8 de xaneiro de 2014.

O Alcalde,

Asdo.: Germán Castrillón Permuy.

2014/122